

### **PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACION**

#### **ASUNTO.- CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE TELEFONÍA MÓBIL, FIXA E CONEXIÓNS DE DATOS DO CONCELLO DE LUGO. ADXUDICACIÓN**

---

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1º.- Acordo da Xunta de Goberno Local núm 13/428 na sesión celebrada o día 11 de xullo de 2012, polo que se aproba entre outros a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE TELEFONÍA MÓBIL, FIXA E CONEXIÓNS DE DATOS DO CONCELLO DE LUGO, os pregos de cláusulas administrativas particulares e o de condicións técnicas que rexeron a súa licitación, e a forma de adxudicación polo procedemento aberto e regulación harmonizada.

2º.- Tramitación regulamentaria do expediente.

3º.- Informe do Negociado do Rexistro, do día do día 20 de agosto de 2012 no que se pon de manifesto que á licitación presentáronse as seguintes plicas:

- UTE TELEFONICA ESPAÑA S.A.U.-TELEFONICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U.
- R CABLE Y TELECOMUNICACIONES, S.A.

4º.- Acta da mesa de contratación celebrada o día 22 de agosto de 2012 ás 12:30 horas na que se recolle que os membros da mesa unha vez comprobada a documentación administrativa, correcta para as dúas licitadoras, acordan proceder a apertura do sobre B (oferta técnica)

5º.- Acta da mesa de contratación celebrada o día 22 de maio ás 13:00 horas, na que se recolle que os membros da mesa unha vez comprobado que a proposta técnica aporta a documentación requerida polo prego de cláusulas administrativas particulares, acordan solicitar informe técnico do analista programador do servizo de informatica sobre a documentación incluída no sobre B (oferta técnica- criterios de adxudicación avaliáveis mediante xuízo de valor), todo elo con carácter previo á apertura dos sobres C.

6º.-Acta da mesa de contratación celebrada o día 19 de outubro , co seguinte teor:  
“Sendo as 13:30 horas do día 19 de outubro de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona María Esther Muñoz Mella, polo

**CONTRATACION**

MLA/rdi

Ref: TELEFONIA MOBIL E FIXA

Asunto: proposta adxudicación

Grupo Municipal Socialista, dona Paz Abreira Sobrado polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica do Concello, e actuando como secretaria dona Ana Tabares Martínez, Técnica do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Asiste a este acto público o técnico informante Rafael Otero para explicar ós membros da Mesa o contido do seu informe técnico e do que resulta as seguintes puntuacións totais:

DESCRIPCION	R	Telefónica
Calidade Técnica da Solución ( <i>máx. 80ptos</i> )	45	60
Melloras ( <i>máx. 15ptos</i> )	0	12
TOTAL	45	72

A continuación procédese á apertura dos sobres C resultando:

UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA oferta un prezo 173.460 euros ( IVE incluído). Asimesmo oferta:

Conexión a Internet	100Mbps caudal simétrico garantizado
Conexión Red Privada	100Mbps caudal simétrico garantizado
Conexión á Rede da Oficina de Sancións	Caudal ascendente 50Mbps
	Caudal descendente 50Mbps
AntiSpam Correo	servicio de filtrado para 400 buzones de correo
Ampliación Rede Wifi	Ampliacion de 15 puntos de acceso
Plazo de Ejecución (Mínimo 2 meses)	2 meses

Presenta desglose económico

R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A oferta un prezo 174.875 euros ( IVE incluído). Asimesmo oferta:

Conexión a Internet	100Mb
Conexión Red Privada	100Mb
Conexión á Rede da Oficina de Sancións	50Mb
	50Mb
AntiSpam Correo	400 buzones

Ampliación Rede Wifi	15 APS
Plazo de Ejecución (Mínimo 2 meses)	2 meses

Presenta desglose económico

Á vista do cal a Mesa acorda a remisión das ofertas económicas ó Servizo de Informática para comprobar que os desgloses económicos se axustan ó esixido no prego de prescripcóns técnicas.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.“

7º.- Acta da mesa de contratación, celebrada o día 19 de outubro , co seguinte teor:

“Sendo as 13:00 horas do día 15 de novembro de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilmo Sr. Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado da área de Urbanismo en substitución da Sr. Teniente de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación, actuando como vocais dona María Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal Socialista, dona Paz Abreira Sobrado polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica do Concello, e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte do Sr Secretario á lectura do informe técnico emitido polo Analista programador do Servizo de Informática relativo ao desglose económico nas distintas ofertas e a corección das mesmas, do que se extraen as seguintes conclusión:

“Ambas ofertas inclúen o desglose económico nos termos establecidos no prego de prescripcóns técnicas, así como os datos necesarios para a valoración dos criterios cuantitativos de xeito sinxela, segundo os tramos establecidos para cada criterio no prego de prescripcóns técnicas”

A continuación os membros da mesa proceden a elaboración do cadro final de puntuacións, co seguinte resultado:

	PROPOSTA TÉCNICA (AVALIABLE MEDIANTE XUIZO DE VALOR)	PREZO	RESTO CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE	TOTAIS

**CONTRATACION**

MLA/rdi

Ref: TELEFONIA MOBIL E FIXA

Asunto: proposta adxudicación

R	CABLE	Y	45	44,17	55	144,17
TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.						
UTE	TELEFÓNICA	ESPAÑA	72	45	55	172
S.A.U.- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U						

A vista do cal os membros da mesa acordan propoñer a adxudicación da contratación de referencia a mercantil UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, por ser a oferta máis vantaxosa no seu conxunto para este Concello nas condicións incluídas na súa proposta técnica e económica

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.”

8º.- Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, polo que se incrementa para este tipo de contrato o tipo impositivo do 18% ao 21%

9º.- Decreto número 12010190 do Libro Unico de Resolucións, ditado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo, en substitución da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación. o día 22 de novembro polo que se resolve entre outros:

“**PRIMEIRO.-** Seleccionar á UTE constituídas polas empresas TELEFÓNICA ESPAÑA S.A.U (CIF: A82018474) e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U (CIF:A78923125 ), no procedemento aberto convocado para o SERVIZO DE TELEFONÍA MÓBIL, FIXA E CONEXIÓNS DE DATOS DO CONCELLO DE LUGO, por ter presentado, á vista dos criterios de avaliación e adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas, a oferta economicamente máis vantaxosa consistente nun prezo de 147.000 € máis o 21% de IVE 30.870 €, resultanto un total de 177.870 € IVE incluído, co seguintes condicións ofertadas:

Conexión a Internet	100Mbps caudal simétrico garantizado
Conexión Red Privada	100Mbps caudal simétrico garantizado
Conexión á Rede da Oficina de Sancións	Caudal ascendente 50Mbps
	Caudal descendente 50Mbps
AntiSpam Correo	servicio de filtrado para 400 buzones de correo
Ampliación Rede Wifi	Ampliacion de 15 puntos de acceso
Plazo de Ejecución (Mínimo 2 meses)	2 meses

Así como o desglose económico incluído na súa oferta “

10º.- Notificación do antedito Decreto o día 30 de novembro de 2012.

11º.- Documentación presentada pola mercantil en tempo e forma

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do RDL 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e a normativa específica de aplicación; e en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local núm. 2/444 na sesión celebrada o día 23 de xuño de 2011, no que se acordou delegar a favor da Tenenta de Alcalde titular da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, entre outros, o exercicio da atribución relativa á adopción do acordo de adxudicación definitiva dos contratos de obras, subministracións e servizos ; propónselle á Ilma. Sra. Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación á adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar á UTE constituídas polas empresas TELEFÓNICA ESPAÑA S.A.U (CIF: A82018474) e TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA, S.A.U (CIF:A78923125 ), no procedemento aberto convocado para o SERVIZO DE TELEFONÍA MÓBIL, FIXA E CONEXIÓNS DE DATOS DO CONCELLO DE LUGO, por ter presentado, á vista dos criterios de avaliación e adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas, a oferta economicamente máis ventaxosa consistente nun prezo de 147.000 € máis o 21% de IVE 30.870 €, resultando un total de 177.870 € IVE incluído, co seguintes condicións ofertadas:

Conexión a Internet	100Mbps caudal simétrico garantizado
Conexión Red Privada	100Mbps caudal simétrico garantizado
Conexión á Rede da Oficina de Sancións	Caudal ascendente 50Mbps
	Caudal descendente 50Mbps
AntiSpam Correo	servicio de filtrado para 400 buzones de correo
Ampliación Rede Wifi	Ampliación de 15 puntos de acceso
Plazo de Ejecución (Mínimo 2 meses)	2 meses

## **CONTRATACION**

MLA/rdi

Ref: TELEFONIA MOBIL E FIXA

Asunto: proposta adxudicación

**SEGUNDO.-** Comunicar á empresa adxudicataria que a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de trascorrir quince días hábiles dende a remisión da notificación desta resolución ós licitadores, pasado o cal requirirase ó adxudicataria para a formalización nun prazo non superior a cinco días conforme o establecido no artigo 156.3 da Texto Refundido de la Lei de Contratos 3/2011

**TERCEIRO.-** Publicar o anuncio de adxudicación no perfil do contratante do Excmo. Concello de Lugo

**CUARTO.-** Dar traslado da presente resolución ás empresa adxudicataria e demais licitadoras e as dependencias municipais afectadas; e requirir á mercantil adxudicataria, para que procedan ó aboamento dos gastos de formalización do contrato administrativo e do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, co fin de formalizar o correspondente contrato administrativo dentro do prazo legalmente establecido, segundo o seguinte detalle:

- A cantidade de 819,22 € correspondente ao anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e o anuncio no Boletín Oficial do Estado, a cal poderase realizar mediante transferencia a calquera destes números de conta 2080 0152 66 3110001292, 0182-6219-51-0010165210 ou 2100-5850-07-0200014045 indicando no concepto GASTOS DE LICITACIÓN DA CONTRATACIÓN SERVIZO DE TELEFONIA MÓBIL E FIXA...
- Ingresar a cantidade de 300 €, correspondente ás taxas de formalización do contrato administrativo, a cal se poderá realizar mediante transferencia ao número de conta 2080 0101 56 3110000250., indicando no concepto TAXAS CONTRATO SERVIZO DE TELEFONIA MÓBIL E FIXA...

Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso especial en materia de contratación ante o órgano de contratación no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ó que se remita a notificación deste acto na forma indicada no artigo 314 da LCSP

- Non obstante o anterior poderá interpoñer directamente - Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

Lugo, a 12 de decembro de 2012  
A TÉCNICA DO SERVIZO  
DE CONTRATACION

Asdo: Ana Tabarés Martínez